

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

PRORROGA PRAZO VOLUNTARIO DE INGRESO DE COTAS TAXA ABASTECIMIENTO DE AUGA 2º SEMESTRE 2019

Con data do 6-2-2020 realizouse notificación no BOP da Coruña das cotas da taxa de abastecemento de auga do 2º semestre do 2019, con prazo de ingreso en voluntaria ata o 13-4-2020.

Coa declaración do estado de alarma polo R.D 463/2020 quedaron suspendidos os prazos administrativos, agás no ámbito tributario e recadatorio; estado de alarma que se prorrogará previsiblemente ata o 9-5-2020. No estado de alarma o confinamento nas vivendas e as restricións operativas das entidades bancarias, dificultaron extraordinariamente a posibilidade dos ingresos, o que fai necesario unha prórroga do prazo de voluntaria.

En base ás facultades de xestión recadatoria que me confire a lexislación, tras a análise da citada solicitude, dito a seguinte

RESOLUCIÓN:

Expediente resolución: 2020/G003/000064

1. Avoco singularmente a competencia para o establecemento do prazo de ingreso en voluntaria para o presente caso. Prorrógase o prazo de ingreso en voluntaria das cotas da taxa de abastecemento de auga do 2º semestre do 2019, dende o 14-4-2020 **ata o 12-6-2020**.
2. Para tal prórroga tense en conta a dificultade dos usuarios para formalizar os ingresos durante o estado de alarma.

Irixoa, __ de abril de 2020

O ALCALDE

Antonio Deibe Sanmartín

Diante miña

O SECRETARIO

Alejandro Alonso Figueroa